



O Festival Cineuropa celebra o talento de Lois Patiño outorgándolle un dos premios desta edición

- O Teatro Principal acollerá a homenaxe a un dos referentes do Novo Cinema Galego este domingo 6 ás 20.00 h.

Santiago de Compostela, 5 de novembro do 2022.- A Berlinale, Clermont-Ferrand, o Festival de Cinema de Sevilla, o FICUNAM, Locarno, Rotterdam, Toronto, IndieLisboa, Jihlava ou Mar del Plata son só algúns dos festivais xa coñecidos polo galego Lois Patiño. Figura fundamental do movemento chamado Novo Cinema Galego e constante procurador de imaxes e sensacións —de poesía auodivisual, en suma—, Patiño recibiu o premio ao mellor director emerxente no Festival de Locarno 2013 coa súa primeira longametraxe, *Costa da morte*; traballo que obtivo outros 15 premios en festivais como Jeonju IFF (Corea del Sur), FICUNAM (México D.F.), Festival dei Popoli (Italia), Valdivia IFF (Chile) ou no Festival Europeo de Sevilla. Co seu traballo *Montaña en sombra* foi tamén distinguido no Festival de Oberhausen (Alemaña), en Clermont-Ferrand (Francia), no Bucharest Experimental IFF de Romanía ou no FIDOCs de Chile, entre outros.

A súa curta *Noite sem distância* (2015) foi seleccionada para o Festival de Toronto e, entre outros premios, gañou no Festival de San Francisco. Pola súa banda, *Fajr* (2016), foi estreada no Festival de Rotterdam e foi distinguida con varios galardóns en Curtas Vila do Conde ou no Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai.

A súa segunda longametraxe, *Lúa vermella* (2020), estreouse na Berlinale - Forum, e foi proxectada no MoMA de New York e noutros 50 festivais. *Sycorax* (2021), curta codirixida xunto ao cineasta arxentino Matías Piñeiro, foi estreada na Quincena de realizadores do Festival de Cannes, e exhibida en festivais como Toronto ou Nova York. O seu proxecto máis recente, *El sembrador de estrellas*, celebrou a súa premiére na Sección Oficial de Curtas da Berlinale, na que resultou premiada. Ademais, foi proxectada, entre outros moitos lugares, no Centro Pompidou de París.

Como dicíamos, Patiño forma parte desa xeración de cineastas denominada 'Novo Cinema Galego', xunto a autores como Oliver Laxe, Eloy Enciso, Diana Toucedo, Jaione Camborda, Eloy Domínguez Serén, Xisela Franco ou Alberto Gracia. Colaborou tamén con músicos como Niño de Elche realizando visuais para os seus proxectos, e a súa obra como videoartista foi exhibida en centros e museos como o MACBA e o CCCB de Barcelona, a Casa Encendida de Madrid, o MARCO de Vigo, ou en feiras como ARCO, Estampa ou SWAB. Expuxo en espazos internacionais como o Centro Cultural San Martín de Bos Aires, o Konstrnarshuset de Estocolmo, a Galería Copperfield de Londres, a JIFF Art Gallery de Corea do Sur ou as feiras Paris Photo, Photo London e Unseen (Amsterdam) ou a Triennale de Aichi (Xapón).

En suma, e en palabras do director do certame, José Luis Losa, con esta homenaxe o Festival Cineuropa quere celebrar o “talento maior e cosmogónico” do cineasta vigués. A entrega do Premio Cineuropa a Lois Patiño terá lugar este domingo ás 20 h. no Teatro Principal. Tras a homenaxe, serán proxectadas dúas das súas pezas máis representativas: unha do inicio da súa traxectoria, *Montaña en sombra* (2012), e a súa peza máis recente, *El sembrador de estrellas* (2022).

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Miriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@cineuropa.gal
compostelacultura.gal
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL





PROGRAMACIÓN CINEUROPA DOMINGO 6 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

12.00 CINEUROPA: DO MUDO AO SONORO | A BMSCQ CON CINEUROPA

18.00 THE QUIET GIRL, de Colm Bairéad

20.00 PREMIO CINEUROPA: LOIS PATIÑO + MONTAÑA EN SOMBRA + EL SEMBRADOR DE ESTRELLAS

21.30 R.M.N., de Cristian Mungiu

SALÓN TEATRO

18.00 EL SOSTRE GROC / O TEITO AMARELO, de Isabel Coixet

19.45 UN BEAU MATIN / UNHA BONITA MAÑÁ, de Mia Hansen-Løve

22.00 SUBLIME, de Mariano Biasin

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 FUNNY FACE / UNHA CARA CON ANXO, de Stanley Donen

19.00 NEW YORK, NEW YORK, de Martin Scorsese

22.00 FRENCH CANCAN, de Jean Renoir

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.30 THE MANCHURIAN CANDIDATE / O MENSAXEIRO DO MEDO, de John Frankenheimer

20:00 BANDE À PART / BANDA Á PARTE, de Jean-Luc Godard

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@ceneuropa.gal
compostelacultura.gal
ceneuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL





LOIS PATIÑO, PREMIO CINEUROPA 2022

O labor de programación dun festival non consiste só en escolmar o mellor cinema do presente, senón en desvelar o mellor cinema do futuro. Cando no 2010 Cineuropa puxo o foco na obra, daquela incipiente, de Lois Patiño, fixemos un xenuíno acto de fe na súa acepción máis nobre, a da crenza absoluta en alguén. Unha confianza non irracional, senón baseada en argumentos incontestábeis. Para empezar, a curiosidade ilimitada do cineasta, sempre disposto a aprender máis, a mirar máis, a mirar mellor. A súa fonda vontade para a experimentación, entendida como unha disposición lúdica ao ensaio e o erro, a probar cousas diferentes até que saian ben, a medrar en cada mutación. Ou o seu afán pola cultura e o coñecemento, coa convicción de que o bo cinema se alimenta tamén de boas bibliotecas e bos museos. Non debe resultar inesperado, entón, que aquel cerebro efervescente fose ademais quen avistou de maneira máis perspicaz o que estaba acontecendo nesa altura no noso país, quen asumiu, con máis claridade, a revolución do que demos en chamar “novo cinema galego”, unha etiqueta que el aceptou con entusiasmo.

Todo iso agromaba xa na súa obra primeira. Na busca humanista dos retratos de Rostros de arena e no lirismo amargo de Recordando los rostros de la muerte. Nos ensaios arredor da contemplación da serie Paisaje-Distancia e no traballo sobre o tempo e as texturas pictóricas en Paisaje-Duración. Na análise dos cambios sutís da natureza arredor dun corpo inmóbil de En el movimiento del paisaje e no abraio ante a suprema grandeza das formas da Terra en Na vibración. Eran os alicerces da beleza maior que estaba por vir. A espectacular Montaña en sombra culmina o estudo da figura humana na paisaxe e é seleccionada no Festival de Roma, o que lle abre portas aló e acolá para coleccionar festivais e acumular premios. A longametraxe Costa da Morte é un xigantesco salto adiante que o sitúa no Festival de Locarno, de onde sae co premio ao mellor director da sección Cineasti del Presente. Á experiencia contemplativa súmase o relato oral da veciñanza para conxugar o territorio, a Historia, as historias e os mitos nun conxunto ao mesmo tempo épico e agarimoso, doméstico e universal, unha monumental tarxeta de presentación para proxectármonos ante o mundo.

Chegar á división de honra non o volve acomodadizo. Lois segue experimentando: coa desaceleración das imaxes do lume que salienta o seu poder hipnótico en La imagen arde, coa cor que se descompón e perde a sincronía en Estratos de la imagen, co tratamento visual extremo da espectral Noite sem distância que é, de paso, un inicial achegamento á ficción, ou coa deriva meditativa de Fajr. Son pasos firmes nun camiño de perfección que conclúe na sensacional Lúa vermella, que pasea por un limbo incerto entre a vida e o alén, entre a vixilia e o sono, e xoga cos arquetipos das lendas galegas —as meigas, a Santa Compañía— e a realimentación entre a identidade colectiva e a paisaxe de Galicia para elaborar un relato sobre o dó e a necesidade da despedida para a aceptación da morte. Estreada na Berlinale inmediatamente anterior ao confinamento pola pandemia, resulta obvio que o filme foi, en moitos aspectos, visionario.

Asentado con seguridade na ficción, atrévese con Shakespeare e coa dirección compartida en Sycorax, unha modélica fusión do seu universo co do galego-argentino Matías Piñeiro que participa na Quincena de Realizadores de Cannes do 2021 e anticipa unha próxima longametraxe a partir da obra A tempestade. O último, polo momento, é El sembrador de estrellas, a concurso este ano na competencia de curtas de Berlín, sublime sinfonía urbana que imaxina un Toquio nocturno imposible, poboado por fantasmas de luz e voces que dialogan co pouso concentrado dun haiku. Visto coa perspectiva dos anos, xa non hai dúbida ningunha de que apostar por Lois non foi cuestión de fe: foi unha felicidade.

Texto por Martin Pawley

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@cineuropa.gal
compostelacultura.gal
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL

